

- Ordenador IBM PS2 mod. 30 con monitor en color.
- Impresora IBM Propinter XL.
- Impresora Futura Epson FX 850.
- Ordenador Compag Dexkpro 386/33 con monitor Compag color.
- 4 terminais Wyse monocromo.
- 2 impresores Epson FX 1050.
- SPS 400.
- Programación Edef multixestión.
- Facsimil Telyco Fax-4000.
- Centraliña modelo Teide.

Taxados no seu conxunto en 850.000 ptas.

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

*Resolución do 22 de decembro de 1993, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pola que se fai pública a resolución do conselleiro pola que se adxudica o concurso para a subministración de contedores de residuos sólidos urbanos con destino a corporacións locais da Comunidade Autónoma galega.*

O secretario xeral, actuando en nome do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, por delegación de atribucións segundo a Orde do 23 de febreiro de 1990, resolveu adxudicalo seguinte concurso.

Subministración: subministración de contedores de residuos sólidos urbanos con destino a corporacións locais da Comunidade Autónoma galega.

Adxudicatario: *JCO PLASCTIC SRL.*

Presuposto: 119.000.000 de pesetas.

O que se fai público para os efectos previstos no artigo 38 da Lei de contratos do Estado e 119 do seu regulamento.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 1993.

José Antonio Fernández Vázquez  
Secretario xeral da Consellería de Política  
Territorial, Obras Públicas e Vivenda

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 27 de decembro de 1993, da Dirección Xeral de Educación Básica, pola que se anuncia o extravío dun título de graduado escolar.*

Extraviado o título de graduado escolar, a favor de Juan Manuel González Andrade, anúnciase o seu extravío para efectos de expedición do correspondente duplicado.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 1993.

Jaime García García  
Director xeral de Educación Básica

*Resolución do 27 de decembro de 1993, da Dirección Xeral de Educación Básica, pola que se anuncia o extravío dun título de graduado escolar.*

Extraviado o título de graduado escolar, a favor de Luis Pereira Iglesias, anúnciase o seu extravío para efectos de expedición do correspondente duplicado.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 1993.

Jaime García García  
Director xeral de Educación Básica

#### CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

*Edicto do 30 de novembro de 1993, do Servicio de Consumo da Delegación Provincial da Coruña, polo que se notifica o estado dos expedientes que se citan (15-065/1992 e dous máis).*

De conformidade co disposto no artigo 80.3º da Lei de procedemento administrativo, do 17 de xullo de 1958 (BOE do 18), notifícaselles ás persoas que a continuación se relacionan as fases nas que se atopan os expedientes a eles instruídos polo Servicio de Consumo da Delegación Provincial de Industria e Comercio da Coruña, por incumprimento do Real decreto 1.945/1983, do 22 de xuño (BOE do 15 de xullo), polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor.

Carlos Embudo Fernández.

DNI: 33.786.113G.

Expediente nº: 15-065/1992.